

**LIÑAS XERAIS DA
PROGRAMACIÓN PLURIANUAL E
ORZAMENTARIA
2011-13**

INTRODUCCIÓN

A modificación dos Estatutos da UDC de 11 de outubro de 2007 (DOG de 17 de outubro) incorporou ás competencias do Claustro a de aprobar as liñas xerais da programación plurianual e orzamentaria. Ademais, a Xunta de Galicia incorporou como novidade na negociación dos presupostos de 2011 a esixencia ás universidades dun Plano de Sustentabilidade financeira que deberá recibir a súa aprobación (en principio ao longo do mes de novembro de 2010), e que debe incorporar previsións orzamentarias para un horizonte de 3 anos. En consecuencia, estímase que para respectar as competencias do Claustro é imprescindible que este aprrobe previamente as liñas xerais, e o calendario electoral impide retrasar a data de presentación máis aló do día 18 de novembro, independentemente das incertezas aínda existentes acerca do novo Plano de Financiamento que se está a negociar no seo do SUG.

Precisamente polo feito de que o novo Plano de Financiamento 2011-15 se estea aínda a negociar, o horizonte temporal da presente programación ven determinado polo alcance do referido Plano de Sustentabilidade (2011-13).

Os contidos do documento estrutúranse nos seguintes apartados:

- Contexto orzamentario.
- Estimación dos ingresos e gastos correspondentes ás principais partidas.
- Plano xeral de investimentos.
- Previsións sobre a evolución dos efectivos de PDI e PAS.

CONTEXTO ORZAMENTARIO

No referente á planificación propia, a Programación Plurianual 2009-10 aprobada polo Claustro permitiulle á UDC afrontar o bienio que agora remata en condicións relativamente favorables, a pesares de que o deterioro do contexto financeiro agravou o déficit histórico de financiamento e infraestruturas que xa viña arrastrando a nosa institución. Para contribuír a paliar a redución do financiamento, planificouse a aplicación dos fondos propios xerados, que foi parcial no orzamento de 2009 e, previa a súa reposición, masiva no de 2010 (preto de 13 millóns de euros, o 9,3% do orzamento). Non obstante, no orzamento deste ano foi necesario realizar recortes no gasto corrente e, especialmente, nos investimentos.

A liquidación do exercicio pasado mostra que a dinámica de rigor orzamentario segue a traducirse nunha situación financeira saudable, aínda que a marxe de manobra é cada vez menor: os recursos propios dispoñibles son aproximadamente a metade dos do ano anterior.

En canto ás perspectivas do financiamento público, dado que a vixencia do Plano de Financiamento actual chega ata 2010, este ano iniciáronse as negociacións, aínda en curso, dun novo Plano para o período 2011-2015.

O pasado 18 de outubro a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria anunciou unha rebaixa nos orzamentos globais destinados ás universidades en 2011 de en torno a un 5% (incluíndo a redución salarial aplicada aos traballadores públicos en 2010).

A evolución dos orzamentos para os seguintes anos non está aínda determinada. Únicamente se anunciou que os recursos destinados ás universidades ao longo do novo quinquenio serían como mínimo de 2.000 millóns de euros. Nembargante, cabe esperar que o global supere substancialmente esta cifra, xa que en caso contrario suporía unha caída do investimento en universidades en relación ao PIB dende o 0,72% acadado en 2009 ata o 0,65% global para o período de vixencia do novo Plano.

No referente á distribución dos fondos entre Universidades, aceptado o principio de que o financiamento deberá basearse progresivamente en criterios obxectivos en lugar de históricos, está pendente a negociación dos mesmos. No momento da elaboración destas liñas xerais, estase pendente dunha proposta definitiva de reparto para os orzamentos do exercizo 2011, pero que as perspectivas de

converxencia son modestas. Cómpre sinalar que o borrador do novo Plano non recolle ningunha medida a traveso da cal a procura do principio xenérico do equilibrio se concrete en dotacións compensatorias polas desigualdades existentes en financiamento e infraestruturas.

EVOLUCIÓN PREVISTA DAS PRINCIPAIS PARTIDAS

Este epígrafe iníciase coa presentación das evolucións esperadas das principais partidas de ingresos e de gastos, para a continuación analizar os equilibrios orzamentarios previstos.

INGRESOS

A principal fonte de financiamento de UDC, como universidade pública, son as transferencias da Xunta de Galicia, que veñen representando unha media dun 75% dos orzamentos nos últimos anos.

No acordo orzamentario para 2011, as transferencias estrutúranse en tres fondos principais:


- O financiamento estrutural representa o 90% do total en 2011.
- O financiamento por resultados suporía o 5% o primeiro ano
- Un 5% adicional como financiamento por mellora da calidade, ligado á presentación polas Universidades e aprobación pola Xunta de Planos de Sustentabilidade financeira.

O seguinte cadro establece a correspondencia entre os fondos transferidos nos últimos anos e os estimados para 2011:

Concepto	2009	2010	2011	Concepto	
Financiamento incondicionado	75.905.799	67.340.077	74.002.941	Subvencion fixa - Principal	Financiament o estrutural
Fondo de Calidade:	6.762.030	7.790.034	4.286.382	S. fixa - Sexenios/Complem.	
Fondo de Nivelación	3.767.186	3.379.582	1.448.439	Subvención Fixa - C7	
Fondo de Investimentos	6.106.283	6.106.283	163.993	Consellos Sociais	
INEF - Coruña	3.189.016	3.066.120	2.945.254	INEF - Coruña	
SERGAS-prazas vinculadas	1.152.517	1.198.430	1.240.396	SERGAS-prazas vinculadas	
Complemento Plan Financ. C4	2.457.626	2.685.508	Global SUG: 19 millóns	Financiamento por Resultados	
Complemento Plan Financ. C7	1.175.049	4.700.195	Global SUG: 18 millóns	Financ. por mellora da Calidade	
Convenios complementarios	2.247.770	1.412.616	Global SUG: 2,5 millóns	Convenios complementarios	
Total	102.763.276	97.678.845		Total: 93,8-96,1 millóns	

A redución do financiamento público vese reforzada pola redución dos ingresos de matrícula (o capítulo III de ingresos diminuíu en 1,3 millóns na última liquidación) que se produciu a pesares da positiva evolución do alumnado, motivada por cambios en situacións administrativas derivadas da transformación das titulacións no proceso de implantación do EEES. Para moderar o descenso no próximo exercicio sería necesario actuar sobre as exencións de matrícula outorgadas a persoas alleas á comunidade universitaria.

No mesmo sentido, os recursos propios dispoñibles xerados no último exercicio liquidado (entre outras fontes, pola obtención dun anticipo reembolsable de 2 millóns da Xunta para o CEI) redúcense nuns 6 millóns de euros respecto dos acumulados para aplicar no orzamento 2010. Na situación orzamentaria actual é previsible que a perda de peso desta fonte de financiamento se manteña nos seguintes anos do período de planificación.



Neste contexto de baixa xeneralizada dos ingresos, resulta fundamental facer uso no próximo bienio das fontes extraordinarias de recursos financeiros. En particular, é posible activar un anticipo reembolsable xa concedido para o financiamento de obras en curso por uns 4,6 millóns de euros. Ademais, tramitouse unha reclamación histórica de IVE, coa colaboración da Axencia Tributaria, cun importe total duns 5,3 millóns.

Por último, no resto dos ingresos, entre os que está a captación de fondos destinados a I+D+i, é previsible unha redución adicional, que polo seu carácter finalista tería unha repercusión moderada sobre os equilibrios orzamentarios.


GASTOS

Segundo se analiza polo miúdo no epígrafe correspondente ao persoal, o obxectivo de manter o número efectivos existente traduciríase nunha baixada do gasto de persoal superior ao 5% en 2011 e unha estabilización nos seguintes anos.

No gasto corrente en bens e servizos, deberá aspirarse a incrementar en 2011 o recorte xa realizado en 2010 (2,5%). Cabe salientar as dificultades para acadar aforros significativos adicionais a moitas das partidas, con dinámicas de crecemento dificilmente modificables a curto prazo, como por exemplo as de limpeza,

seguranza ou enerxía (que, de feito, acumulan por si soas o 38% do gasto no capítulo 2).

O capítulo de investimentos, que se recortou en máis dun 20% en 2010, deberá ter unha redución semellante o próximo ano. Esta redución implica limitarse á execución das obras en marcha e de proxectos inaprazables de magnitude moderada, adiando a execución das novas edificacións proxectadas, segundo se recolle no epígrafe dedicado aos investimentos. Os axustes en programas de investigación e nos fondos descentralizados serían máis moderados e selectivos.




As bolsas, que seguirán a ter unha evolución mellor que a do conxunto do orzamento, estanse a reestruturar co obxectivo de incrementar o número de beneficiarios e de priorizar a internacionalización.

ANÁLISE DOS EQUILIBRIOS ORZAMENTARIOS FUTUROS


A UDC, pese a ser a universidade con menor financiamento do estado, remata o exercicio 2010 (no que finaliza o Plano de Financiamento vixente) cunha situación financeira saudable, grazas á planificación estratéxica e o rigor orzamentario que lle permitiron xerar os fondos propios necesarios para paliar a caída do financiamento público.

No próximo bienio será necesario complementar uns recursos propios máis moderados con recursos extraordinarios por valor duns 10 millóns de euros, que pola súa natureza teñen un carácter singular, non sendo replicables.

Nestas circunstancias, para acadar o equilibrio orzamentario sería necesaria, ademais, a recuperación progresiva no bienio 2012-13 dos niveis de financiamento público acadados en 2009. No seguinte gráfico asúmese que o financiamento en 2012 recupera o nivel de 2010 e o de 2013 iguala ao de 2009:



Segundo se analizou anteriormente, os axustes realizados en 2010 deberán complementarse con outros moito máis importantes en 2011. Ademais, aínda baixo as hipóteses anteriores relativas á evolución dos ingresos, no bienio 2012-13 sería necesario realizar recortes adicionais en gasto corrente (que podería acumular unha redución superior ao 10% dende 2009) e sobre todo en investimentos (cuxa redución podería superar o 40%), incluso mantendo conxelados os custos de persoal.



PLANO XERAL DE INVESTIMENTOS

Os investimentos materiais deberán orientarse, por unha banda, ás actuacións inaprazables de magnitude asumible, orientadas fundamentalmente á adaptación ao EEES e á finalización das obras en curso do Parque Tecnolóxico; e, por outra banda, a completar actuacións xa iniciadas, entre as que destacan as seguintes:

- O novo centro da Área Tecnolóxica (ampliación da Facultade de Informática e da Escola de Enxeñería de Camiños), cunha finalidade docente e investigadora, ten un orzamento global de 4 millóns de euros, que xa están dotados con cargo aos exercizo corrente e precedentes.
- A Área deportiva Campus Center, con fins docentes (vinculados especialmente á Facultade de CC. da Educación) e de extensión, ten unha asignación de 1,4 millóns nos orzamentos de 2010.
- Tamén ten un carácter mixto, docente (vinculado neste caso á ETS de Náutica e Máquinas) e de extensión, a Aula Náutica, cuxa reforma cofinancia Caixa Galicia con 0,3 millóns de euros. A achega de fondos propios prevista aproxímase a esta cantidade.
- O acondicionamento do Centro Cívico de Ferrol e do Centro Cultural de Riazor para as súas postas en funcionamento esixirán recursos duns 0,9 millóns.

O contexto económico impide polo momento acometer con fondos propios outra serie de actuacións que estaban previamente proxectadas, entre as que se poden citar as seguintes:

- No proxecto da Residencia Universitaria de Ferrol, polo seu carácter estratéxico, concentráranse esforzos para acadar financiamento externo específico que permita executalo, ademais de desenvolverse as actuacións previas necesarias.
- Existen planes específicos para unha segunda fase da ampliación do CITEEC e para construír 2 novos centros no Parque Tecnolóxico (ASISTA e Textil).
- O proxecto do Campus Center ten vocación de centralidade no Campus de Elviña e de conexión entre a UDC e o seu contorno. É un proxecto modulable, que complementaría as instalacións deportivas con áreas administrativas e de servizos universitarios.

Finalmente, será necesario un importante esforzo de priorización das actuacións en materia de obra menor e mantementos a nivel centralizado e descentralizado. A título de exemplo, téñense detectado necesidades de pintado de fachadas por importe superior a un millón de euros, que dificilmente poderán abordarse a curto prazo.

PREVISIÓNS SOBRE A EVOLUCIÓN DE PDI E DE PAS

A anterior Programación Plurianual establecía unha previsión de crecemento de efectivos dun 5% anual, como consecuencia das necesidades derivadas da implantación do EEES.

A mediados do ano 2010, no proceso de negociación do novo Plano de Financiamento, anunciáronse ás Universidades o deterioro das expectativas de financiamento para os próximos anos e a esixencia por parte da Xunta de Galicia de Planos de Sustentabilidade baixo a súa supervisión. Estes Planos focalizan as actuacións de axuste económico nas relativas aos gastos de persoal, lembrando a normativa estatal que limita a creación de prazas á reposición do 10% das xubilacións. En consecuencia, a UDC veuse obrigada a moderar o crecemento efectivo, que se sitúa en torno ao 50% do previsto.

A normativa estatal referente á contratación, as esixencias do Planos de Sustentabilidade e a situación financeira fan que o mantemento do número de efectivos sexa o obxectivo mais ambicioso que cabe fixarse neste contexto.

A UDC pretende (polo momento con boas perspectivas) excluír as xubilacións anticipadas da aplicación da taxa de reposición, de xeito que se manteñan como instrumento de renovación e de redistribución do persoal na procura da máxima eficiencia. Coa mesma finalidade poderíase negociar algunha reorganización administrativa para adaptarse ao novo contexto académico.

Adicionalmente, na medida en que as necesidades docentes o esixan, podería ter que normalizarse progresivamente o cómputo da dedicación docente, asimilándoo ao do resto das universidades do estado.

En termos económicos, a conxunción da rebaixa salarial do 5% aplicada en 2010, a desaceleración do crecemento de persoal programado para este ano e actualización salarial polos distintos conceptos vinculados á antigüidade, da lugar a unha rebaixa dos gastos de persoal algo superior ao 5% en 2011. Estímase a conxelación destes gastos nos dous anos posteriores.